

Claudia Abigail

O 8 de febreiro mataron a miña mellor amiga. Ela chamábase Claudia Abigail, tiña só 17 anos e foi asasinada en Totana (MURCIA), por un adolescente de 19 anos, que se chamaba Johan Styven.

Eles coñecéranse hai dous anos e medio. Johan ía dous cursos máis arriba que Claudia. Ao principio Johan levábaa de paseo, ao instituto, e despois á súa casa. Eles queríanse moito, Johan sempre foi moi cariñoso con ela e ela, igual con el.

Johan tamén se levaba moi ben comigo. Había veces que eu quedaba con eles para dar unha volta. Pasaron días e funme dando conta do que sucedía entre os dous. E non me gustaba nada.

Falei con Claudia e pregunteille o que pasaba para que ela mesma mo contara. Pero ela negábao, dicía que non era nada; con todo, eu non me fiaba moito. Unhas semanas máis tarde ao fin mo contou: estaba agredíndoa, insultábaa, dicíalle que non valía para nada, e que sen el non ía sobrevivir etc.

Eu aconselleina que fora á policía pero non quixo, porque tiña medo de que lle fixera algo. Pasou un ano e medio e a súa relación foi empeorando, co que Claudia quixo que acabar dunha vez con el. Pero el, non quixo. E ameazouna. A miña amiga contoumo aterrada entre bágoas. Insistín en que o denunciara, que eu a acompañaba. Non quixo.

Un día de instituto pola tarde, Claudia estaba de camiño para a súa casa, e apareceu Johan. El díxolle que esperara, pero ela non o quixo escoitar. Empezou a correr e el perseguiuna moi enfadado. Acurralouna nunha casa abandonada e matouna acoitelándoa. Despois el chamou a súa nai e confesoullo. Ela, despois de escoitalo, avisou á Garda Civil dos feitos. Rapidamente acudiron ao lugar.

E encontraron o cadáver de Claudia.